



UNHA NOVA CHANTAXE DE ENCE Á CIDADANÍA

O recente anuncio de ENCE no que expresa a súa intención de abrir un período de belixerancia de cara a manter as súas instalacións en Lourizán, sen supoñer ningunha sorpresa, abren un horizonte preocupante unha vez que se ten conseguido un total consenso social e político no obxectivo de facer que a fábrica desapareza da Ría de Pontevedra e canto antes mellor. E resulta preocupante porque todos coñecemos cales son as estratexias que ENCE desenvolve para levar adiante as súas intencións. Cabe agardar campañas de engano como a que xa ten emprendido a agora autodenominada empresa de xestión forestal sostible, campañas de compra de vontades a través de patrocinios e extorsións e campañas contra as administracións. En todas estas campañas, nas que a empresa non vai a reparar en gastos, o obxectivo será minar e danar a convivencia coa única orientación do beneficio económico que representa dispoñer de forma gratuíta duns terreos que son de todos.

Pero os cidadáns da bisbarra de Pontevedra levamos moitos anos convivindo coa empresa como para deixarnos enganar por estas campañas por moito diñeiro que ENCE invista en elas, todos sabemos que ENCE minte agora como mentiu ao longo de toda a súa existencia en Lourizán e como admitiu que tiña feito no xuízo no que foi condenada por delito ecolóxico continuado no ano 2002, deixando en evidencia que esta, a mentira, é a base da súa estratexia para seguir a beneficiarse da súa posición na Ría de Pontevedra sen importarlle o dano ambiental, económico e social que está a producir.

Pero, dende a APDR, seguiremos a desenmascarar os seus enganos e a deixar claro que ten un único interese que é o beneficio propio e onde as mensaxes de suposta inocuidade ambiental ou sostibilidade das súas actividades forestais e industriais non son máis que a estratexia para intentar combater o rexeitamento social, que os graves impactos que provoca, produce.

E neste sentido é necesario indicar que é falso que a empresa non estea a provocar danos ambientais no ecosistema da Ría de Pontevedra; poden ser inocuas as Toneladas de partículas sólidas, na súa maioría orgánicas, que ENCE está a verter diariamente a través do emisario submarino? Estudos realizados ao longo dos anos, teñen amosado que o impacto ambiental e económico da fábrica ten sido e segue a ser moi negativo.

Tamén é falso que a empresa cumpra coa legalidade; a empresa, neste caso coa complicidade da Consellería do Medio Ambiente, sigue superando, e así se pode comprobar a través das analíticas que mensualmente se remiten á Administración e que calquera cidadán pode solicitar e contrastar cos máximos permitidos na Lei de Vertidos de augas residuais para zonas sensibles como a Ría de Pontevedra, os topes autorizados para sólidos en suspensión, demanda química de osíxeno (DQO) e demanda biolóxica de osíxeno (DBO). Tampouco debemos esquecer que tamén se seguen a emitir gases que, ademais de provocar molestos cheiros poden ter consecuencias para a saúde que, a pesar das reiteradas peticións de estudo epidemiolóxicos, aínda non teñen sido avaliadas.

Pero tamén falsea a suposta sostibilidade da xestión forestal da empresa e a produción de enerxía eléctrica a partir de biomasa forestal. En realidade trátase dun sucumento negocio que ten como obxectivo facerse coas subvencións a este tipo de enerxía; xa que o custo do KW/h



producido a partir de biomasa é superior ao seu prezo no mercado, esta fonte de enerxía será fortemente subvencionada. ENCE pretende, conseguindo a hexemonía no negocio da biomasa, aproveitarse ao máximo destas subvencións. Pero, a instalación de plantas de produción de electricidade a partir de biomasa forestal que planea ENCE, non é en absoluto sostible. Será tanto traída doutros países (ENCE vai importar biomasa forestal de Portugal e Uruguai) co conseguinte gasto e consumo de enerxías convencionais no transporte, como producida a partir de cultivos enerxéticos de árbores cultivados en ciclos curtos, de entorno aos 5 anos, coa conseguinte degradación asociada as intervencións intensivistas de solo forestal e con consecuencias económicas e sociais, dado o baixo prezo que se pagará por estas materias primas, serias.

Na a Asociación Pola Defensa da Ría consideramos que ás administracións deben iniciar canto antes, en base ao claro e total consenso existente na sociedade, o proceso de peche e desmantelamento das instalacións industriais que todos os grupos políticos e cidadáns están a esixir, sen aceptar de ningunha forma as campañas de extorsión e engano de ENCE, e iniciando dunha vez a recuperación dos espazos públicos nos que está instalada e da Ría de Pontevedra para o conxunto da sociedade.

Pontevedra, 30 de outubro de 2010

Pola Asociación Pola Defensa da Ría

Benito Andrade